Para elo terase en conta a memoria do curso anterior, as actas das sesións de avaliación, os informes finais individualizados de medidas de apoio do curso anterior, os expedientes do Departamento de Orientación e a información da anterior etapa educativa e/ou centro educativo de procedencia e dos respectivos Departamentos de Orientación.

### 17.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

A Atención á Diversidade do centro parte dos seguintes **principios**:

- Ofrecer as mesmas posibilidades de formación básica común, dando resposta ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) do alumnado.
- Adoptar un plantexamento curricular aberto e flexible na elaboración e concreción das Programacións e Unidades Didácticas de aula.
- Asegurar a coherencia, progresión e continuidade da intervención educativa.
- Facilitar o proceso de socialización e autonomía do alumnado.
- Fomentar actitudes de respecto ás diferenzas individuais.

Desta forma os **obxectivos** son os que seguen:

- Detectar e previr as necesidades de aprendizaxe que presenta o alumnado neste centro.
- Coidar que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.

- Atender aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste, de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, as súas circunstancias.
- Prestar atención e apoio ás necesidades de aprendizaxe que se detecten para posibilitar situacións que enriquezan a aprendizaxe e desenvolvemento do alumnado.
- Proporcionar ao alumnado una resposta educativa de calidade que posibilite o máximo desenvolvemento das súas potencialidades.
- Organizar recursos persoais e materiais do Departamento de Orientación para facilitar una resposta educativa adecuada a todo o alumnado.
- Propoñer á CCP os criterios e procedementos para a posta en marcha das distintas medidas de atención á diversidade das que dispoñemos.
- Realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado que presente Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE): Necesidades Educativas Especiais (NEE) por discapacidade, trastorno de conducta e/ou trastorno da comunicación e da linguaxe, dificultades de aprendizaxe, dislexia, incorporación tardía, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), Trastorno do Espectro Autista (TEA), historia persoal e/ou familiar, e pertenza a colectivos socioculturais vulnerables.
- Fomentar a participación, colaboración e implicación das familias no proceso educativo dos/das seus/súas fillos/as.

Neste curso académico 2022/2023 contamos coas seguintes **medidas de atención á diversidade** para dar resposta ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo que presenta o noso alumnado:

Se propoñen agrupamentos flexibles en:

- ✓ 1º da ESO: Lingua e Literatura Castelán, Lingua e Literatura Galega e Matemáticas.
- ✓ 2º da ESO: Lingua e Literatura Castelán, Lingua e Literatura Galega e Matemáticas.
- ✓ 3º da ESO: Lingua e Literatura Castelán, Lingua e Literatura Galega e Matemáticas.

Por outra banda, para o alumnado de 1º e 2º de ESO que presenta dificultades xeneralizadas nas linguas, tramitouse como medida de atención á diversidade extraordinaria a Exención da 2ª Lingua Estranxeira, no noso caso Francés, e recibindo no seu lugar un programa de reforzo educativo nas linguas.

Ademais, para o conxunto da ESO valorarase na avaliación inicial a necesidade de levar a cabo o reforzo educativo como medida ordinaria de atención á diversidade en función da traxectoria académica, das Necesidades Educativas de Apoio Educativo (NEAE) do alumnado e das súas dificultades académicas concretas. Nesta mesma liña valorarase a necesidade de plantexar a Adaptación Curricular como medida extraordinaria de atención á diversidade para aqueles alumnos/as nos que exista un desfase curricular de mínimo dous cursos escolares segundo a

valoración do profesorado nas diferentes materias e en calquera caso, segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade, con carácter preferente para o alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) por discapacidade, trastorno da comunicación e da linguaxe, e/ou trastorno da conducta. Para o resto do alumnado NEAE valorarase a conveniencia da Adaptación Curricular do mesmo xeito pero levando a cabo unha avaliación psicopedagóxica e recomendando a idoneidade de dita medida no informe psicopedagóxico elaborado pola Xefatura do Departamento de Orientación tal e como sinala a lexislación indicada anteriormente.

Se establece un horario de apoio da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica en 1º, 2º e 3º da ESO prioritariamente dentro da aula como sinala a normativa e co obxectivo de favorecer o carácter integrador e inclusivo da educación. Dito apoio se levará a cabo na aula específica unicamente co alumnado con adaptación curricular e naquelas sesións nas que se considere conveniente en comunicación e coordinación co profesorado titular da materia para o aproveitamento do proceso de ensino – aprendizaxe.

Por outra banda, dende o centro solicitouse a participación no programa educativo PROA para os niveis da ESO e os dous ciclos de Formación Profesional Básica cos que contamos: Informática de Oficina e Mantemento de vivendas, no caso dos ciclos dito apoio iría destinado aos módulos comúns.

Por último, sinalar a aplicación dos protocolos educativos da Consellería de Educación coa conseguinte posta en marcha de determinadas pautas metodolóxicas para dar resposta ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo que existan en cada aula resultando de aplicación no noso centro os que seguen:

- Protocolo de Trastorno por Déficit de Atención (TDA) e Hiperactividade (TDAH)
- Protocolo de dificultades de aprendizaxe e/ou dislexia.
- Protocolo de Trastorno do Espectro Autista (TEA).
- Protocolo de discapacidade intelectual.

No caso de xurdir unha nova Necesidade Específica de Apoio Educativo diferente das indicadas anteriormente se poría en funcionamento o correspondente protocolo.

#### **17.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO**

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
1ª semana de setembro	Asistencia a CCP e claustro inicial	Equipo directivo e XD Orientación	
Setembro	Valoración das necesidades iniciais: Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), e medidas de	Xefatura de estudos, XD Orientación e mestra Pedagogía Terapéutica.	Informes Departamento de Orientación, e informes de final de curso (individualizados de 6º EP, finais de

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
	atención á diversidade.		medidas de apoio)
Setembro	Recollida, revisión de documentación e asesoramento becas Necesidades Específicas de Apoio Educativo.	XD Orientación	
2ª semana de setembro	Elaboración de horarios do departamento: Xefatura de Orientación e mestra de Pedagogía Terapéutica	Xefatura de estudos XD Orientación en coordinación coa mestra de Pedagogía Terapéutica	Recursos do Departamento
3ª semana de setembro	Xornadas de acollida ás familias da ESO, Bacharelato e Formación Profesional Básica.	XD Orientación	Informes de anos anteriores e de centros adscritos así como de centros de procedencia de novo alumnado
Setembro	Asesoramento e colaboración na solicitude de participación en programas educativos (RECUPERA-T: PROA)	XD Orientación, Xefatura de Estudos e Dirección	Recursos do Departamento
Setembro	Comunicación, coordinación e solicitude de información académica e sobre necesidades educativas do alumnado co Departamento de Orientación do centro de procedencia e coas familias do alumnado de nova incorporación.	XD Orientación, XD Orientación centro educativo de procedencia, e novas familias.	Recursos do Departamento e do centro de procedencia
Setembro	Reunións e comunicación coas familias de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo e alumnado afectado maior de idade para actualizar a información ao respecto.	XD Orientación	Recursos do Departamento
Setembro	Tramitar documentación das medidas de atención á diversidade (Exención 2º Lingua Estranxeira e agrupamentos flexibles)	XD Orientación e Xefatura Estudos	Recursos do Departamento

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
Setembro	Preparacións das avaliacións iniciais de todas as etapas educativas do centro.	Xefatura de estudos (planifica e coordina) e Xefatura de Orientación	Recursos do departamento
5ª semana de setembro	Realización da concreción anual do PAD	XD Orientación	Datos do alumnado
5ª semana de setembro	Avaliacións iniciais de todas as etapas educativas do centro	Equipo directivo, titores (dirixen as reunións) e XD orientación (informa, asesora e apoia)	Recursos do departamento
1º Semana de outubro	Elaboración informes becas NEAE.	XD Orientación	Datos alumnado e recursos do departamento.
1ª semana de outubro	Realización da concreción anual do PAT	XD Orientación e Titores ESO e FPB	Datos do alumnado e recursos do departamento.
Outubro	Asesoramento e coordinación co profesorado titor para trasladar a información ás familias sobre a decisión de levar a cabo medidas de atención á diversidade (Reforzo educativo, agrupamentos)	XD Orientación e titores ESO	Datos alumnado, acordos avaliacións iniciais.
Mes de outubro	Reunións de coordinación pedagóxica	Xefatura de estudos (planifica e coordina) XD orientación (asesora e apoia) Titores (dirixen as reunións)	Datos do alumnado
Mes de outubro	Charla de orientación vocacional 4º ESO e 2º Bacharelato	Xefatura Orientación	Recursos do Departamento
Outubro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións de coordinación	XD Orientación	Recursos do Departamento
Outubro	Elaboración das Adaptacións Curriculares	XD Orientación e profesorado afectado	Recursos do Departamento
Novembro e Decembro	Participación nas sesións da 1ª avaliación de todas as etapas educativas	XD Orientación, profesorado e mestra especialista de Pedagogía Terapéutica	Informes obtidos na avaliación inicial e cualificacións



Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
Xaneiro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1ª avaliación e revisión das que xa están en marcha	XD Orientación e profesorado titor en coordinación con Xefatura de Estudos	Informes obtidos na 1ª inicial
Xaneiro – Febreiro	Orientación vocacional ESO, Bacharelato, Formación Profesional Básica e Ciclos Medios e Superiores de Formación Profesional.	XD Orientación	Recursos Departamento
Marzo	Participación nas sesións da 2ª avaliación e avaliación previa á FCT de 2º ciclos	XD Orientación, profesorado e mestra especialista de PT.	Informes obtidos ao longo do trimestre
Abril - maio	Asesoría vocacional do alumnado ESO, 1º Bacharelato e 1º Ciclo Básico, Medio e Superior matrícula próximo curso escolar e requisitos promoción. En 2º Bacharelato e 2º Ciclo Superior preparación final de curso, opcións ao rematar e ABAU.	XD Orientación	Recursos do departamento
Maio	Participación nas sesións da avaliación final de 2º Bacharelato	XD Orientación	Informes obtidos nas avaliacións previas
Maio	Orientación vocacional 2º ciclos Formación Profesional Básica, e 2º Ciclos Medios sobre opcións ao finalizar o curso	XD Orientación	Recurso do departamento
4ª semana de maio	Entrega aos titores de 2º e 4º ESO, así como dos niveis da etapa nos que poida ser requirido, materiais necesarios para cumprimentar o Consello orientador	XD Orientación, profesorado titor e Xefatura de Estudos.	Recursos do departamento
1º Semana Xuño	Charla previa a exames convocatoria ordinaria ABAU con alumnado 2º Bacharelato e 2º Ciclo	XD Orientación	Recursos do Departamento

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
	Superior.		
Xuño	Participación nas sesións da 3ª avaliación	XD Orientación, profesorado e mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.	Informes obtidos ao longo do curso
Xuño	Reunión co Departamento de Orientación dos CEIP adscritos	XD Orientación, Xefatura Estudos e XD Orientación CEIP adscrito e profesorado titor de 6º EP.	Informes finais individualizados.
Xuño	Orientación vocacional 2º Bacharelato e 2º Ciclo Superior que se presentou a ABAU sobre solicitude Universidade	XD Orientación	Recursos do Departamento
Xuño	Participación na sesión final de curso	XD Orientación, profesorado e mestra especialista en Pedagogía Terapéutica	Informes obtidos ao longo do curso
Xuño	Coordinación e asesoramento na elaboración informe final de medidas de apoio	XD Orientación e mestra especialista en Pedagogía Terapéutica	Traballo e informes ao longo do curso
Xuño	Preparación dos informes de alumnado NEAE que abandona o centro.	XD Orientación, Xefatura Estudos, profesorado, e mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.	Recursos do Departamento e datos do alumnado
Finais de Xuño	Orientación vocacional alumnado 2º Bacharelato e 2º Ciclo Superior convocatoria extraordinaria ABAU	XD Orientación	Recursos do Departamento
Finais de xuño	Elaboración da memoria do departamento	XD Orientación e mestra Pedagogía Terapéutica	Información recollida ao longo do curso
Xuño	Elaboración de listaxe de alumnado proposto para medidas de atención de atención á diversidade para o vindeiro curso	XD Orientación e mestra especialista Pedagogía Terapéutica	Informes obtidos ao longo do curso
Xuño – Xullo	Asesoramento no proceso de admisión de Ciclos Formativos, de acceso á universidade e outros réximes e saídas	XD Orientación	Recursos do Departamento

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
	laborais.		
Todo o curso	Atender ás demandas do profesorado e do alumnado	Calquera membro do departamento segundo demandas	Recursos do Departamento
Todo o curso	Asesoramento e apoio na CCP aos diferentes departamentos na programación e desenvolvemento de tarefas	XD Orientación e PT	Recursos do Departamento
Todo o curso	Colaborar na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos plans e programas levados a cabo no centro	XD orientación en colaboración cos outros membros da comunidade educativa implicados	Recursos do Departamento
Todo o curso	Reunións, comunicación e coordinación co profesorado titor de ESO, Bacharelato e FPB sobre a evolución académica e necesidades educativas do alumnado.	XD orientación, profesorado titor e Xefatura de Estudos en colaboración cos outros membros da comunidade educativa implicados	Recursos do Departamento
Todo o curso	Atención ás familias do alumnado	XD orientación en colaboración cos outros membros da comunidade educativa implicados	Recursos do Departamento
Todo o curso	Reunións mensuais do Departamento de Orientación	Departamento de Orientación	Recursos do Departamento e datos do alumnado e evolución do curso.
Todo o curso	Desenvolvemento do Plan de convivencia	Comisión convivencia, XD Orientación, Xefatura de Estudos, e comunidade educativa.	Recursos da comisión de convivencia
Todo o curso	Realización e actualización de avaliacións psicopedagóxicas	XD Orientación	Recursos do Departamento
	Coordinación con axentes externos:	XD Orientación, profesorado titor e	Recursos do Departamento

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
Todo o curso	gabinetes externos aos que acuda o alumnado, servizos sociais do concello de Marín, e asociacións psicossociais.	Xefatura de Estudos	

### 17.5. PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE E HORAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR E PT.

O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) recibe o reforzo por parte da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) preferentemente na aula ordinaria xunto co profesorado da materia. No caso de alumnado con adaptación curricular dito apoio poderá realizarse na aula específica de Pedagogía Terapéutica cando se considere en comunicación e coordinación entre o profesorado da materia e a mestra de Pedagogía Terapéutica que é conveniente para o mellor aproveitamento do proceso de ensino – aprendizaxe.

Os **criterios** nos que se base o anterior son os que seguen:

- En todas aquelas situacións que sexa posible e o horario o permita o centro opta pola integración dentro da aula ordinaria co grupo clase.
- Se intentará conseguir o máximo beneficio do alumnado procurando igualar o número de horas de atención por parte da especialista en Pedagogía Terapéutica ao que se recomenda no seu informe psicopedagóxico.
- O profesorado de apoio ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo prestará a súa atención educativa ao alumnado co seguinte orden de prioridade:
  - Estudantes que presentan Necesidades Educativas Especiais derivadas de discapacidade, trastorno de conducta, e/ou trastornos da linguaxe e da comunicación con adaptación curricular significativa.
  - Alumnado que manifeste outras Necesidades Específicas de Apoio Educativo e que necesitan adaptación curricular, nunha ou máis materias, xustificada mediante informe psicopedagóxico tras avaliación psicopedagóxica.
  - Outro alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo que precise apoio educativo como reforzo.

No caso de alumnado con Adaptación Curricular, nas sesións de avaliación trimestrais realizarase una revisión da mesma entre o profesorado implicado no seu desenvolvemento na materia, a especialista de Pedagogía Terapéutica e a orientadora xa que é unha medida cunha duración dun curso escolar.

Do mesmo xeito, no caso do reforzo educativo valorarase en cada avaliación trimestral a necesidade de implantalo e/ou suprimilo nas diferentes materias en función da evolución académica do alumnado e o xuízo do profesorado co asesoramento da Xefatura do Departamento de Orientación e a mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.

Respecto aos agrupamentos flexibles sinalar que poderán variar no alumnado que os compón, tal e como indica a Orde do 8 de setembro de 2021, ata xaneiro e coa previa comunicación a Inspección.

Por outra banda, sinalar as funcións da **mestra especialista en Pedagogía terapéutica**:

- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda a ESO e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- Colaborar, xunto coa orientadora e o/a titor/a, na organización de atención do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- Imparte atención docente ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individualizadas significativas, así como daquelas outras nas que imparte docencia.
- Colaborar na avaliación e na determinación da metodoloxía a seguir có alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- Participar, de ser necesario, có/coa titor/a nas reunións coas familias do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

A orientadora como **xefa do Departamento de orientación** levará a cabo as seguintes tarefas:

- Participar na avaliación Psicopedagóxica daquel alumnado que o precise, así como realizar o informe psicopedagóxico.
- Elaborar o corresponde ditame de escolarización para aqueles casos onde se requira unha modalidade diferente e/ou recursos extraordinarios.
- Establecer a proposta de organización de atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo en coordinación coa mestra especialista en Pedagogía Terapéutica, e elevar esa proposta ao equipo Directivo.
- Asesorar ao Equipo Directivo sobre as medidas de atención á diversidade.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Asesorar aos departamentos didácticos e ao profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das medidas de reforzo e nas adaptacións curriculares.

**Profesorado das Medidas de Atención á Diversidade** a parte do equipo docente titular das materias:

- Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica: Verónica Sánchez Suárez
- Profesora de Exención de 2º Lingua Estranxeira (Francés) en 1º ESO: María Inmaculada Fernández Fernández
- Profesora de Exención de 2º Lingua Estranxeira (Francés) en 2º ESO: Miryam Roura Javier
- Profesor Agrupamento de Lingua Castelán e Literatura en 1º ESO: Miguel Ángel Pousada Cruz
- Profesora Agrupamento de Lingua Galega e Literatura en 1º ESO: Pilar Díaz Díaz
- Profesora Agrupamento de Matemáticas en 1º ESO: Natalia Álvarez Gómez
- Profesora Agrupamento de Lingua Castelán e Literatura en 2º ESO: Elva Boulosa Moure
- Profesora Agrupamento de Lingua Galega e Literatura en 2º ESO: Irene Santiago Martínez
- Profesora Agrupamento de Matemáticas en 2º ESO: Ana Salorio Fernández
- Profesor Agrupamento de Lingua Castelán e Literatura en 3º ESO: Miguel Ángel Pousada Cruz
- Profesora Agrupamento de Lingua Galega e Literatura en 3º ESO: Irene Santiago Martínez
- Profesora Agrupamento de Lingua Matemáticas en 3º ESO: Olga Torres Cancela

En canto á **coordinación** entre o profesorado que participe no desenvolvemento e apoio dunha materia xunto co profesorado titor esta realizarase fora do horario lectivo.

### **17.6. LISTAXE DE ALUMNADO CON NEAE ATENDIDO POR PT.**

En documento independente, a fin de evitar a súa difusión nos órganos de goberno pola protección de datos.

## 18. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

Nome Coordinador/a	Nivel/Especialidade
José Luís Noya Souto	Director
Nome equipo dinamización de convivencia	Nivel/Especialidade
Yolanda García Ulla	Xefa de Estudos
Marta Martínez Ahijado	Orientadora
Paula Sánchez Bertolo	Alumna
María Elena García Graña	Nai
Elena Lucía González Otero	Nai

Obxectivo: Mellorar a convivencia na comunidade educativa			
<b>Acción 1</b>	Favorecer a inclusión do novo alumnado		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Redución dos apercibimentos		
Responsables	Novo alumnado, familias, profesorado		
Recursos e materiais	Visita, reunión alumnado, reunión familias.		
<b>Acción 2</b>	Fomentar normas de comportamento		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Bo clima de aula e centro educativo		
Responsables	Profesorado titor e de materia/módulo, Departamento de Orientación, alumnado, familias.		
Recursos e materiais	Traballo nas titorías e de forma transversal nas materias e módulos.		
<b>Acción 3</b>	Xestión e resolución de conflitos		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Bo trato		
Responsables	Profesorado titor e de materia/módulo, Departamento de Orientación, alumnado, familias.		
Recursos e materiais	Traballo nas titorías e de forma transversal nas materias e módulos.		



## 19. PLURILINGUISTICISMO

### 19.1. PROFESORADO RESPONSABLE

Nome Coordinador/a	Horas redución
Rosa Villar Villamil	1
Nome profesores AICLE/CLIL	Nivel/Especialidade
Ana Salorio Fernández	2º Tecnoloxía

### 19.2. SECCIÓN BILINGÜES

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Nº alumnado nova incorporación	Teñen autorización por escrito dos pais	Materias	Lingua na que se imparte
2ºESO	1	17	6	Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Tecnoloxía	Inglés

### 19.3. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓN BILINGÜES

- Reunión semanal entre a coordinadora e profesor.
- Entrega de memoria final.
- Entrega ao alumnado de recoñecemento.

### 19.4. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Nome Auxiliar de conversa	Horas lectivas semanais
Non aplicable	
Tarefas	
Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Outras tarefas (especificar):	Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

**Por petición do departamento de Inglés este curso non haberá auxiliar de conversa.**

## 20. PLAN PROXECTA

Plan Proxecta: Donas de si			
Descrición do programa	Visibilización e posta en valor da participación e produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e no desenvolvemento da sociedade galega contemporánea, de xeito que se recoñeza o seu papel político, social, artístico, científico e cultural e se supere a visión tradicional que presenta as súas achegas como puramente anecdóticas ou secundarias.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer os valores e as achegas das mulleres á innovación cultural, científica e intelectual e situalas nos contextos que lles tocou vivir para poder descubrir aspectos esquecidos e mais para axudarnos a comprender máis profundamente o que significaron.</li> <li>- Reflexionar sobre os avances na conquista de novos ámbitos de presenza para as mulleres e para os homes.</li> <li>- Consolidar o pensamento crítico no noso alumnado</li> <li>- Conseguir unha comunicación escrita, oral e visual baseada na igualdade, coa axuda da guía de igualdade elaborada en anteriores edicións do Proxecta.</li> <li>- Analizar as funcións das mulleres na historia, en especial este ano, no período da Guerra Civil e a Ditadura e o trato da sociedade cara a elas.</li> </ul>		
Cursos implicados	Todos		
Temporización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador			
Responsables	Marta Pollán Guisasola, Natalia Álvarez		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografías de escritoras, mulleres na arte e nas ciencias(efecto Matilda), empresarias, Hipatia de Alexandría, ou mulleres relacionadas co mundo da electricidade e enerxía, entre outras. Traballos de investigacións e presentacións</li> <li>- Taller teatro: obra que pretende ridiculizar os estereotipos (proxecto multidisciplinar Lingua Castelá, Cultura Clásica e debuxo)</li> <li>- DDHH: guerra civil e mulleres,</li> <li>- 8 M: noticias de desigualdade laboral-</li> <li>- Mulleres empresarias no franquismo.</li> <li>- Análise da lexislación laboral durante o franquismo no referente ás mulleres</li> <li>- Aumento do fondo de libros de igualdade na biblioteca e exposicións</li> <li>- Exposición: REIXAS mulleres represaliadas da Deputación de Pontevedra</li> <li>- “Teatro de rúa”: Fidelización dos clientes (Esta roupa é de home?) durante os recreos e recreación de dous escaparates, sexista e non sexista-</li> <li>- Mural de publicidade sexista en medios escritos.</li> <li>- Blog Donas de s</li> <li>- Recomendacións bibliográficas sobre mulleres na historia</li> <li>-Calendario de Adviento sobre as mulleres galegas na Historia.</li> <li>- Titorías sobre a igualdade efectiva</li> <li>- Creación de páxinas web centrados nas primeiras revoltas de mulleres <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mulleres xeógrafas, xeólogas e paleontólogas a través de investigación do alumnado.</li> <li>• Traballo con infografías sobre mulleres relacionadas coa literatura castelá para reflexionar sobre as carencias que continúa a ter o canon artístico e literario.</li> </ul> </li> </ul>		

## 21.CONTRATOS-PROGRAMA

Liña de actuación: 1 PROA			
Descrición do programa	PROA+		
Obxectivos	Favorecer a participación do alumnado no grupo-clase e a consecución do seu máximo desenvolvemento emocional, intelectual, social e profesional. Ámbito científico-matemático.		
Cursos implicados	ESO, BACH, FPB		
Temporalización	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Resultados académicos		
Responsables	Equipo directivo. Docente externo. Coordinador		
Actividades	Clases de reforzo dentro da aula.		

## 22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Clubs de Lectura “Labirintos de Mogor”			
Descrición do programa	Enmarcado no proxecto de dinamización da Biblioteca, promovendo a participación do alumnado, familias e profesorado en experiencias lectoras compartidas, que facilitan a socialización entre iguais e tamén interxeracional. Proporciona a oportunidade de compartir gustos, emocións, inquedanzas, en definitiva, a adquisición dos bens inmateriais que interveñen na formación do individuo como tal.		
Obxectivos	Fomentar a lectura de distintos xéneros e en distintas linguas, á vez que a escrita sen esquecer a adquisición das competencias clave.		
Cursos implicados	Toda a comunidade educativa		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Memoria Clubs		
Responsables	Juan Carlos Simón, Verónica Sánchez, Pila Díaz, Elva Boullosa e Rosa María Villar		
Actividades	<p>Visita do autor de <i>Identidade</i>, Nee Barros, do xoven escritor Mario Obrero e Antía Yáñez, autora de <i>Non penses nun elefante rosa</i>.</p> <p>Merendas lectoras na biblioteca en compañía das familias interesadas no plan: <i>Este mes na miña casa lemos...</i></p> <p>Visionados de fragmentos de películas e escoita de música coa fin de contextualizar as obras lidas.</p>		

## ERASMUS+ 2022-2023

- ✓ Proxecto KA-101 de Educación Escolar.
- ✓ Proxecto KA102 de Formación Profesional
- ✓ Proxecto KA103 de Educación Superior
- ✓ Mobilidades de alumnado para realización de prácticas en centros de traballo e do profesorado con visitas a empresas, centros similares e cursos.

## 23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

### Protocolo para a solicitude

Os/as interesados/as na utilización das instalacións do centro cursaran unha solicitude dirixida á dirección do centro.

Horarios dispoñibles

Horario de 16 a 22.

Solicitudes xa cursadas : Ningunha.

Instalación:			
Entidade que a usa			
Participan membros da comunidade educativa	<input type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso			

## 24. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

- Mensualmente, a CCP, fará un seguimento das medidas aplicadas para a consecución dos obxectivos propostos cara a detectar as insuficiencias da mesma e o seu grao de realización.
- Trimestralmente, ao claustro de profesores e ao consello escolar valorará o grao de cumprimento dos obxectivos e se farán propostas de mellora.
- Analizaranse os resultados académicos. O desenvolvemento dos diferentes plans e proxectos. O desenvolvemento das programacións. A Convivencia e relación coas familias.
- Por último a Memoria Anual, ao remate do curso, recollerá os resultados da avaliación final: grao de cumprimentos dos obxectivos, suficiencia e idoneidade das medidas e dos recursos aportados, xestións dos recursos: humanos, espazos, económicos.
- Os recursos utilizados serán reunións de coordinación: Claustro, CCP, Consello Escolar, Departamentos, de grupos, etc... Enquisas, Buzón de suxestións, e calquera outro medio.
- Actualización dos documentos do centro.